



BOLETÍN 1 (09 feb 2017)

1ª e 2ª PROBAS, XXVI LIGA GALEGA ORIENTACIÓN A PÉ 2017 (+ PROBA DIVULGATIVA DE ORIENTACIÓN DE PRECISIÓN)

VI TROFEO DE ARTEIXO 2017 - III MEMORIAL PATXI ARUFE

SÁBADO 18/02/2017 – ARTEIXO (A Coruña)

Organizador: Club **APA Liceo**

Presentación:

O sábado 18 de febreiro comezará a XXVI Liga Galega de Orientación a Pé, combinando no mesmo día unha proba de distancia media no mapa da Baiuca, e unha proba urbana sprint no centro do Concello de **Arteixo** (A Coruña). Ambas carreiras son puntuables para a Liga Galega. Entre ambas, celebrarase unha proba divulgativa de Orientación de Precisión no mesmo lugar de competición.

·ZONA DE CONCENTRACIÓN (ver mapa ao final deste boletín)

O lugar de concentración e **Secretaría** (e descarga de *SportIdent*) estará situada no Centro Cívico de Arteixo, se ben a zona de aparcadoiro estará na zona da Baiuca, a escasos 100 metros da Casa do Concello, no centro de Arteixo. Débese ter en conta que na mañá dese sábado celébrase un feirón nas inmediacións, polo que será moi importante atender ás indicacións de estacionamento por parte do persoal da organización.

O acceso estará sinalizado desde a rotonda de Sabón, punto final da Autovía do Noroeste (A6); tanto desde a AP9, como da A6, cómpre tomar a dirección **Arteixo**; chegarase a unha rotonda dende onde estará sinalizado o acceso á zona de competición: na mesma rotonda (tomar o vial **inferior** desta) ir dirección Arteixo e só a uns 50 metros desviarse á esquerda, pola Travesía de Arteixo.

A zona de concentración/secretaría indicada está a uns 500 metros da zona de saída da carreira da mañá (uns 15 minutos andando).

Coordenadas: 43.303823, -8.503550 (43°18'13.8" N 8°30'12.8" W)

·ZONA DE COMPETICIÓN, INDICACIÓNS CARTOGRÁFICAS

MAPA A Baiuca

·Distancia Media: Norma ISOM2000

Escala 1:7500

Equidistancia 5m

Rexistro FEDO: C-1077-09

Cartografía: Javier Arufe (2009) e Iván Mera (2017)



O terreo da **Baiuca** conta cun desnivel moderado, combinando amplas zonas de eucalipto con diferentes grados de penetrabilidade, con algúns bosques de piñeiros e monte baixo, e áreas de árbores dispersas. Hai innumerables detalles, sobre todo rochosos, que obriga a unha boa concentración do corredor durante a proba. A vexetación fai difícil obter unha visibilidade para rumbo a media ou longa distancia. Existen varias zonas de talas e repoboación sobre as que permanecen restos de ramas e vexetación, que dificultan en gran medida a velocidade da carreira.

MAPA Arteixo urbán

·Distancia Sprint: Norma ISSOM2007

Escala 1:4000

Equidistancia 2m

Rexistro FEDO: C-1936-17

Cartografía: Javier Arufe (2017)



O mapa de **Arteixo urbán** terá características de mapa sprint, con zonas asfaltadas e de parque, sempre en terreos abertos, para facer unha carreira rápida.

·HORARIO E TIPOLOXÍA DE SAÍDAS

09:30 h.: Apertura de Secretaría (situada no Centro Cívico de Arteixo)

10:30 h. a 12:30 h.: Carreira distancia Media

13:00 a 14:00 h.: Proba O-Precisión

16:00 a 17:30 h.: Carreira distancia Sprint

Establécense 6 tempos distintos de **saída en masa** segundo as categorías que se relacionan. Os participantes deberán estar **5 minutos antes** da súa quenda no primeiro caixón de saída.

	MEDIA	SPRINT	TIPO
INI C + INI L	Entre 10:30 e 11:00	Entre 16:00 e 16:30	Estación START
E + F-E	10:30*	16:00*	Saída en Masa
M/F35 + M/F40 + M/F18	10:35*	16:05*	
M/F21A + M/F16	10:40*	16:10*	
M/F45 + M/F55 + M/F14	10:45*	16:15*	
M/F21B + M/F12	10:50*	16:20*	
PECHE DE META	12:30	17:20	

*os corredores accederán ao primeiro caixón 5' antes da súa hora de saída

Á hora indicada como **peche de meta** procederase á retirada das balizas do terreo, co cal todos os corredores deberán estar na meta a esa hora.

MOI IMPORTANTE ter en conta o **tempo de antelación** que os corredores precisarán para chegar en hora á saída en masa da mañá (de 10:30 a 10:50 h.): son necesarios **mínimo 25 minutos** a pé para ir desde a zona de aparcamento á Secretaría e chegar de volta ao punto de saída.

Na zona anexa á saída situaranse as estacións de limpeza e comprobación (Clean - Check) das pinzas *SportIdent*. Os corredores accederán a esta zona 5 minutos antes da súa hora de saída, sendo eles mesmos os responsables de limpar e comprobar a pinza *SI*. A continuación, 3 minutos antes da saída, collerase o mapa no paso ao seguinte caixón, ademais das descrições de control para quen as desexe. Para os percorridos de iniciación non hai descrição de control en papel, xa que irán impresas no mapa.

·VI TROFEO CONCELLO DE ARTEIXO

Ao rematar a carreira SPRINT da tarde, terá lugar a entrega de premios do **VI Trofeo Concello de Arteixo**, aos tres mellores clasificados das categorías de **Élite** (masculino e feminino) na suma de tempos das carreiras de distancia media e sprint.

·PERCORRIDOS: INFORMACIÓN TÉCNICA E DINÁMICA DAS CARREIRAS

As dúas probas discorrirán de igual maneira.

- Primeira parte de ORDE LIBRE. Dependendo do percorrido (é dicir, da categoría), haberá máis ou menos controis a realizar na orde que cada corredor considere máis oportuna, sendo obrigatorio nesta primeira parte da carreira PASAR POR TODOS OS PUNTOS, indicados no plano co **número de control** correspondente.
- Segunda parte de CARREIRA EN LIÑA. A partir do primeiro punto indicado co seu **número de orde**, a carreira proseguirá de forma lineal, tendo igualmente o corredor que PASAR POR TODOS OS PUNTOS, **na orde indicada ata a meta**.

Esta dinámica se aplicará en todos os percorridos, **agás M/F12 e INICIACIÓN** (carreira lineal convencional).

En ambas probas, pero sobre todo en DISTANCIA MEDIA, haberá multitude de controis próximos, respectando sempre a distancia mínima indicada entre eles (30m en 1:7500, 15m en 1:4000), así como a non coincidencia de descripción entre eles. Así e todo, é moi aconsellable prestar especial atención ao número de control.

Establécese unha hora de PECHE DE META, sendo descalificados todos aqueles corredores que non remataran a súa carreira unha vez chegado a ese límite.

Por cuestións organizativas e de seguridade, **todos** os participantes teñen a obriga de pasar por META, aínda abandoando a proba, ou rematándoa fora de tempo.

Categorías vixentes para esta tempada:

Categorías para non federados (abertas a todo o público en xeral):

- Iniciación curta
- Iniciación longa

Categorías oficiais:

- ALEVÍN M-12, F-12 (nados 2005-2006)
- INFANTIL M-14, F-14 (nados 2003-2004)
- CADETE M-16, F-16 (nados 2001-2002)
- M-18, F-18 (nados 1999-2000)
- M-55, F-55 (nados 1962 e anteriores)
- M-45, F-45 (nados 1972 e anteriores)
- **M-40, F-40** (nados 1977 e anteriores)
- M-35, F-35 (nados 1982 e anteriores)
- M-21B, F-21B (sen límite de idade)
- M-21A, F-21A (sen límite de idade)
- F-E (sen límite de idade)
- E (sen límite de idade)

INFORMACIÓN TÉCNICA

-DISTANCIA MEDIA SÁBADO 18/02/2017 10:30h-				
CATEGORÍA	CONTROIS		DISTANCIA (km)	DESNIVEL (m)
	ORDE LIBRE	EN LIÑA		
INI C	-	7	1,4	30
M/F12	-	8	1,6	40
INI L	-	10	1,7	50
M/F14	3	7	1,7	60
M/F16	4	7	1,9	70
M/F18	4	8	2,4	80
F21B	4	9	2,6	95
M21B	4	9	2,7	100
F21A	4	10	3,1	105
M21A	4	10	3,3	125
F35	4	10	3,2	110
M35	4	11	3,5	130
F40	4	9	2,6	95
M40	4	10	3,1	105
F45	4	8	2,4	80
M45	4	9	2,7	100
F55	3	7	1,7	60
M55	4	7	1,9	70
F-E	5	12	3,7	135
ELITE	5	14	3,9	145
-DISTANCIA SPRINT SÁBADO 18/02/2017 16:00h-				
CATEGORÍA	CONTROIS		DISTANCIA (km)	DESNIVEL (m)
	ORDE LIBRE	EN LIÑA		
INI C	-	7	0,7	10
M/F12	-	10	0,8	10
INI L	-	11	1,1	10
M/F14	5	7	1,4	20
M/F16	6	7	1,5	30
M/F18	7	8	1,7	40
F21B	6	10	1,8	40
M21B	6	11	1,9	40
F21A	7	11	2,3	50
M21A	9	11	2,5	60
F35	8	11	2,3	50
M35	10	11	2,7	60
F40	6	10	1,8	40
M40	7	11	2,3	50
F45	7	8	1,7	40
M45	6	11	1,9	40
F55	6	7	1,4	20
M55	6	7	1,5	30
F-E	10	12	2,9	60
ELITE	13	13	3,1	70

-AVITUALLAMENTO

Non se prevé dispor de avituallamento durante as carreiras.

·PROBA DE INICIACIÓN AO DEPORTE DE ORIENTACIÓN-PRECISIÓN

Trátase de unha miniprobe para dar a coñecer esta modalidade deportiva. Empregarase o sistema de control *SportIdent* polo que é necesario levar pinza electrónica para rexistrar a baliza correcta. O club organizador proporcionará unha a cada participante.

As zonas de saída e meta estarán a carón do Centro Cívico de Arteixo (Secretaría)

INFORMACIÓN TÉCNICA:

Consta de 8 desafíos nos que pode haber 2 ou 3 balizas pero só unha será correcta. Non haberá desafíos falsos, é dicir, non haberá "Z".

Categoría: Unha única categoría, cun tempo máximo para realizar a proba de 42 min.

Tipo de terreo: o trazado descorre por un parque sen ningún desnivel e totalmente peonil.

Dinámica da proba: a proba realizarase en liña, seguindo a orde establecida no trazado do mapa.

Saídas : saída libre entre as **13:00 h** e as **14:00 h**. **Non fai falta preinscribirse.**

Todos os participantes que tomen a saída estarán obrigados a pasar por meta ao rematar a proba, aínda abandonando.

Procedemento: en cada punto de decisión haberá varias estacións *SportIdent* nomeadas coas letras A, B e/ou C. Unha vez que o corredor decida a opción correcta picarase coa pinza electrónica na base que teña a letra que se corresponde con la resposta elixida. Non é posible rectificar. Non haberá controis cronometrados.

Puntuación: 1 punto por cada desafío correcto. Non hai penalización por desafíos mal contestados.

Deducción de 1 punto por cada unidade de 5 minutos que o corredor se exceda do tempo máximo.

Cartografía: distancia: 600m; Escala 1:2.000, equidistancia 5 m. O mapa é o existente do parque de Arteixo, en notación ISOM 2000 (especificacións de O-Pé) aínda que en escala 1:2000; autor: Javier Arufe Varela

·INSCRICIÓNs carreiras Media e Sprint

A través da web da Federación Galega de Orientación (fegado.es) seleccionando o evento do calendario e marcando a categoría na que desexa inscribirse. Os participantes que todavía non teñan usuario terán que rexistrarse primeiro na Intranet, aínda que o desexable é que se poñan en contacto con algún club FEGADO para tramitar a inscrición como membro dese clube.

Data límite: martes 14 de febreiro , 22:00 h.

CUOTAS de inscrición **por carreira** (agás O-Precisión):

¡ DEBERÁ FACERSE UNHA INSCRIPCIÓN INDEPENDENTE PARA CADA CARREIRA !

FEDERADOS: 5 €

NON FEDERADOS: (inclúe licenza-seguro federativa de 1 día):

a) INI CURTA: 7 €

b) INI LONGA: 9 €

A estes importes engadiranse 3 € no caso de precisar alugar a pinza *SportIdent* (obrigatoria para todos os percorridos).

O ingreso das inscricións + alugueiro de pinzas sportident realizarase mediante un ingreso na seguinte conta bancaria:

ES34 0238 8127 46 0600092282 (Banco Pastor), indicando no concepto:

ORI LICEO Baiuca + nome do clube (ou do participante non federado) e/ou

ORI LICEO Sprint + nome do clube (ou do participante non federado).

O xustificante do/s ingreso/s debe/n enviarse ao seguinte e-mail: oriliceo@gmail.com

·NORMATIVA E SEGURIDADE (aplicable ás tres carreiras)

Os corredores teñen o deber de respetar as zonas indicadas como privadas ou prohibidas (propiedades particulares ou repoboación forestal).

É obrigado asistir a calquera corredor que precise axuda, aproveitando para lembrar que este é un dos preceptos básicos desta modalidade deportiva.

O deporte de orientación practícase en silencio e de xeito individual (agás no permitido en categorías de iniciación), cun respecto máximo polo medio natural que nos acolle, coidando de que todo quede como estaba tralo noso paso.

INDICACIÓNS ESPECÍFICAS DE SEGURIDADE

·Distancia Media: Non se precisa transitar nen cruzar ningunha estrada na que a circulación de vehículos a motor supoña un risco considerable; porén, pola rede de sendeiros pódese dar o caso de circulación dalgún vehículo, posto que non estará pechada ao tráfico. É obrigatorio atender ás indicacións dos membros da organización como de Protección Civil e demais institucións colaboradoras.

Das probas sobre o terreo a cuestión de seguridade máis salientable está relacionada co esvaradío do terreo nesta época do ano, tanto pola presenza de restos de ramallos como polas zonas rochosas (area, musgo, ...). Recoméndase expresamente o uso de **calzado** con bo agarre nestas condicións, e **roupa protectora** (polainas ou semellantes).

·Distancia Sprint: especial precaución ao tráfico rodado, os corredores teñen que respectar as normas de circulación, transitar polas beirarúas, utilizar pasos de peóns e **non invadir a calzada** destinada a vehículos, que estará resaltada no mapa como prohibida, **liñas diagonais moradas cruzadas (zona perigosa): prohibido circular pola calzada pero pódese, e débese, circular pola beirarúa**. No mapa están representadas a maioría das rúas sen beira; onde a súa anchura o permitiu representouse. Durante a carreira agárdase unha densidade moi baixa de circulación, e a organización disporá de controladores en diversos puntos para velar polo correcto cumprimento da normativa Sprint e da propia da proba, con capacidade para descualificar a todos aqueles que as incumpran.

En canto as prohibicións estritas, estarán sinalizadas no mapa mediante **liñas moradas verticais** (por exemplo, hortas anexas a unhas casas) e mediante a **cor morada sólida** (zona en construción). En ambas non hai impedimento físico para entrar, pero aquí sí que se prohíbe expresamente.



A participación na proba implica a aceptación expresa destas normas, así como implicitamente a responsabilidade dos propios corredores con respecto ás normas de Tráfico e Regulamento de Circulación.

·OUTROS

Habilitarase o **Pabellón municipal de deportes** para vestiarios e duchas, tanto á mañá como ao serán. Está situado a 10 minutos a pé da Secretaría.

·ORGANIGRAMA

- Coordinación Xeral: Alberto Taberero
- Dirección Técnica: Iván Mera
- Relacións Institucionais: Alberto Arufe
- Control SportIdent: Javier Arufe, Alberto Delgado, David Casado (coordinador)
- Equipo de campo: Julio Cañas, Álvaro Armada, José Antonio Castrillón, Marta Gil, Laura Garrido, Néstor Campos, Javier Ramos

- Seguridade: Iván Vizcaíno
- Secretaría: Juan Pérez
- Saídas: José Ramón Bugallo
- Cartografía: Javier Arufe e Iván Mera
- Xuíz Controlador: Alfonso Rosado (AROMON)
- O-Precisión: Natalia Pedre, Javier Arufe
- Boletíns: Julio Cañas
- Cartel: Néstor Campos



- Organiza: **Club APA Liceo**
- Colabora: **Concello de Arteixo**
- Patrocina: **CocaCola**



SIENTE EL SABOR

Boletín final. Este boletín substitúe aos anteriores.

Accesos e zona de concentración:



SIENTE EL SABOR